

Avaliación de bacharelato para o acceso á universidade

ABAU 2024



Mónica Diz Besada

Diz Besada, Mónica (2024)





ORGANIZACIÓN DA ABAU

A avaliación de bacharelato para o acceso á universidade

ABAU

Mónica Diz Orienta

Proba obrigatoria para os titulados en bacharelato que desexen acceder á universidade.

Consta de dúas partes:

- Parte Obrigatoria: É preciso superala para acceder a un grao.
- Parte Voluntaria: Sirve para subir a nota de acceso á universidade


Haberá dúas convocatorias anuais: xuño e xullo.

É posible presentarse a novas convocatorias para subir nota ou superar a proba (tense en conta a nota máis alta).

A avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU)

Parte Obrigatoria

Validez indefinida



**Nota máxima de
10 puntos.**

Parte Voluntaria

Permite mellorar a nota de acceso.

Validez de dous anos



**Nota máxima de
4 puntos
(tras multiplicar a nota de
cada exame por 0´1 ou
0´2)**

Como mellorar a nota de acceso na universidade

1º Presentándome á
Parte Voluntaria da
ABAU

2º Elixindo **materias vinculadas** á rama de coñecemento da titulación elixida, e que ponderen 0'1 ou 0'2.

Parte obrigatoria da ABAU

- Versará sobre as materias xerais de modalidade de 2º de bacharelato.
- 5 Exercicios. En cada exercicio preséntase un único exame con varias preguntas, todas susceptibles de ser elixidas. Haberá que escoller un número determinado. En caso de responder a máis preguntas das indicadas corríxese o número de preguntas indicado que figure en primeiro lugar
- Cada exame dura 90´ e haberá 30´ de descanso entre exames.
- Pódense realizar en castelá ou galego excepto LC, LG e L. Estranxeira

**1º Lingua
Castelá e
Literatura
II**

**2º Lingua
Galega e
Literatura
II**

**3º
Hª de
España
ou Hª de
Filosofía**

**4º
Primeira
Lingua
Estranx. II**

Alemán,
Francés,
Inglés,
Italiano e
Portugués

**5º Materia
obligatoria
vinculada á
modalidade:**

Matemáticas II
Matemáticas Aplicadas II
Latín II
Ciencias Xerais
Debuxo Artístico II
Análise Musical II
Artes Escénicas II

5 Materias da parte obrigatoria da ABAU

(ver itinerarios de bacharelato)

CIENCIAS	HUMANIDAD.	CIENCIAS SOCIAIS	ARTES	XERAL
<ul style="list-style-type: none">▪ Historia de España ou Historia da Filosofía (elixir unha)<ul style="list-style-type: none">▪ Lingua Castelá e Literatura II▪ Lingua Galega e Literatura II▪ Primeira Lingua Estranxeira II				
<ul style="list-style-type: none">▪ Matemáticas II▪ Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II <p>(a materia cursada)</p>	<ul style="list-style-type: none">▪ Latín II	<ul style="list-style-type: none">▪ Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II	<ul style="list-style-type: none">▪ Debuxo artístico II▪ Análise Musical II▪ Artes Escénicas II <p>(a materia cursada)</p>	<ul style="list-style-type: none">▪ Ciencias Xerais

Nota da PARTE OBRIGATORIA

Cada exame puntúase de 0 a 10 puntos, con dúas cifras decimais.

A nota desta fase será a Media Aritmética das cualificacións de todos os exercicios, de 0 a 10, con tres cifras decimais, arredando á milésima máis próxima.

Exemplo:

$$7'300 + 4'200 + 5'900 + 6'100 + 7'800 = 31'30/5 = 6'26$$

Superación da ABAU

Cando se obteña unha **nota igual ou maior a 5 puntos**, despois de facer a media entre o bacharelato (60%) e a Parte Obrigatoria (40%).

É necesario acadar **alomenos un 4 na Parte Obrigatoria**.

Exemplo:

- Nota de Bacharelato: 7'80
- Nota da Parte Obrigatoria 7'20
- Nota de acceso:
 $(0'60 * 7'80) + (0'40 * 7'20) = 7'56$

Computan todas as materias na media de Bacharelato (excepto Relixión).

Parte voluntaria da ABAU

Exame dun **máximo de 4 materias** a escoller de entre as **materias de modalidade**, distintas daquela da que se examine na *Parte Obrigatoria*

Para que puntúen, as materias escollidas deben acadar unha **puntuación mínima de 5** e ser ponderables para a titulación elixida.

A nota terá **validez** durante o ano da celebración da ABAU e no curso académico seguinte.

No caso de presentarse a máis de dúas materias e aprobar, **só se terán en conta as dúas mellores notas**, despois de aplicar os parámetros de ponderación.

Tamén se considera **ponderable a nota da materia de modalidade**, obxecto de exame na Parte Obrigatoria.

As 28 Materias da parte voluntaria da ABAU

Mónica Diz Orienta

Ata catro materias	CIENCIAS	HUMANIDAD.	CIENCIAS SOCIAIS	ARTES	XERAL
Materias obrigatorias de modalidade	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Latín II ▪ Mat. Aplicadas CCSS II ou Matemáticas ▪ Ciencias Xerais ▪ Debuxo artístico II ▪ Análise Musical II ▪ Artes Escénicas II 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Matemáticas II ▪ Mat. Aplicadas CCSS II ▪ Ciencias Xerais ▪ Debuxo artístico II ▪ Análise Musical II ▪ Artes Escénicas II 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Matemáticas II ▪ Latín II ▪ Ciencias Xerais ▪ Debuxo artístico II ▪ Análise Musical II ▪ Artes Escénicas II 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Matemáticas II ▪ Mat. Aplicadas CCSS II ▪ Latín II ▪ Ciencias Xerais 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Matemáticas II ▪ Mat. Aplicadas CCSS II ▪ Latín II ▪ Debuxo artístico II ▪ Análise Musical II ▪ Artes Escénicas II
Materias de opción de modalidade	<ul style="list-style-type: none"> <li style="width: 50%;">▪ Bioloxía <li style="width: 50%;">▪ Movimentos Culturais e Artísticos <li style="width: 50%;">▪ Debuxo Técnico II <li style="width: 50%;">▪ Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño II <li style="width: 50%;">▪ Tecnoloxía e Enxeñaría II <li style="width: 50%;">▪ Deseño <li style="width: 50%;">▪ Física <li style="width: 50%;">▪ Fundamentos Artísticos <li style="width: 50%;">▪ Química <li style="width: 50%;">▪ Técnicas de expresión gráfico-plástica <li style="width: 50%;">▪ Xeoloxía e Ciencias Ambientais <li style="width: 50%;">▪ Coro e Técnica Vocal II <li style="width: 50%;">▪ Empresa e Deseño de Modelos de Negocio <li style="width: 50%;">▪ Historia da Música e da Danza <li style="width: 50%;">▪ Xeografía <li style="width: 50%;">▪ Literatura Dramática <li style="width: 50%;">▪ Grego II <li style="width: 50%;">▪ Historia da Arte 				
Materia optativa	Segunda Lingua Estranxeira II (Alemán, Francés, Inglés, Italiano, Portugués).				

Os exames da Parte voluntaria da ABAU

En cada exercicio preséntase un único exame con varias preguntas, todas susceptibles de ser elixidas.

Haberá que escoller e responder a un número determinado de preguntas.

En caso de responder a máis preguntas das indicadas corríxese o número de preguntas indicado que figure en primeiro lugar.

Poderán facerse en castelá ou galego.

Cada exame durará 90´ e haberá 30´ de descanso entre exames.

Calificación da PARTE VOLUNTARIA

Por exemplo:


- ⦿ Cada unha das materias califícase de 0 a 10 con dúas cifras decimais. Hai que **acadar alomenos un 5 para superar o exame.**
- ⦿ A nota acadada multiplícase por **0'1 ou 0'2**
O valor resultante súmase á nota de acceso á universidade obtida na fase anterior (nota media entre a Parte Voluntaria e o Bacharelato)

- Nota de Bacharelato: 7'80
- Nota da Parte Obrigatoria: 7'200
- **Nota de acceso:** $(0'60 * 7'80) + (0'40 * 7'200) = 7'560$

- Nota da Materia 1 (0'2): 6'5
- Nota da Materia 2 (0'2): 6'5
- Puntos adicionais: $(6'50 * 0'2) + (6'50 * 0'2) = 2'60$

- **Nota de admisión:** $7'560 + 2'60 = 10'160$

Nota de acceso ≠ Nota de admisión



Nota media de Bacharelato



x 0'6

+

Nota media da Parte Obrigatoria



x 0'4

+

Nota da Parte Voluntaria



Materia 1

x 0'2 ou 0'1

+



Materia 2

x 0'2 ou 0'1

} Nota de acceso

} Nota de admisión

Fórmula para calcular as notas de acceso e admisión

$$\text{Nota de acceso} = 0'6 * \text{NMB} + 0'4 * \text{CPO}$$

NMB: Nota media de bacharelato

CPO: Cualificación da Parte Obrigatoria

Mónica Diz Orienta

$$\text{Nota de admisión} = 0'6 * \text{NMB} + 0'4 * \text{CPO} + a * \text{M1} + b * \text{M2}$$

NMB: Nota media de bacharelato

CPO: Cualificación da Parte Obrigatoria

M1, M2: Cualificacións dun máximo de dúas das catro materias das que se examinase o alumno/a na Parte Voluntaria e/ou da materia Troncal de Modalidade correspondente, que proporcionen mellor nota de acceso, unha vez aplicados os parámetros de ponderación.

a, b: Parámetros de ponderación das materias da Parte Voluntaria e/ou da materia Troncal de Modalidade que proporcionen mellor nota de acceso.

**Poderase obter diferentes notas
de admisión?**



SÍ

Os que soliciten diferentes titulacións, poden ter diferentes notas de admisión, en función da ponderación (0'1 ou 0'2) das materias elixidas na Parte Voluntaria, que lle conceda cada titulación.

Podo volver a presentarme para subir nota?

◎ Hai **dúas convocatorias** anuais:

- *Ordinaria (xuño)*

- *Extraordinaria (xullo)*

◎ É posible presentarse en sucesivas convocatorias para **mellorar nota, tanto á parte obrigatoria (hai que facela completa) e/ou a materias da parte voluntaria.** Considerarase sempre a cualificación superior entre as obtidas.

◎ Para o acceso á universidade teñen **prioridade** os que aprobaron ese ano na convocatoria ordinaria, ou en anos anteriores.

COMO RECLAMAR AS CUALIFICACIÓNS DA ABAU:

Trátase dun proceso único de revisión que se solicita en NERTA nos tres días hábiles a partir da publicación das cualificacións. Este proceso consta de tres fases:

P

Primeira revisión do exame

- Tras corrixir os erros de suma a cualificación do exame asígnaselle a letra "P" e pasa a ser provisional.

Mónica Diz Orienta

S

Segunda corrección por un profesor especialista distinto

- Se hai una diferencia de menos de dous puntos a cualificación do exame será unha media entre S e P: $S+P/2$
- A cualificación será definitiva.

T

Terceira corrección por un profesor especialista distinto

- Se hai una diferencia de máis de dous puntos realízase a 3ª corrección
- A cualificación definitiva será una media das tres correccións: $S+P+T/3$

EXEMPLO: Materias da parte voluntaria que convén elixir

Grao de PSICOLOXÍA

Rama de coñecemento: CIENCIAS DA SAÚDE

As materias ponderables son:

- **Bioloxía (0.2)**
- Física (0.1)
- Química (0.1)
- **Matemáticas II (0.1)**
- **Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II (0.2)**
- **Ciencias Xerais (0.2)**
- **Empresas e deseño de modelos de negocio (0.2)**

Polo tanto, se desexo mellorar a miña nota de admisión para o grao de Psicoloxía debo presentarme solamente ás materias ponderables, e preferiblemente ás que ponderan co valor de 0.2

Como interpretar as «TÁBOAS DE PONDERACIÓNS» DA PARTE VOLUNTARIA

[Enlace web da CIUG para consultar as ponderacións actualizadas](#)

Mónica Diz Orienta

RAMA	GRAO	Bioloxía	Debuxo técnico II	Física	Matemáticas II	Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II	Química	Xeoloxía e ciencias ambientais	Ciencias xerais	Tecnoloxía e enxeñaría II
CIENCIAS	Bioloxía	0,2	0	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0
	Biotecnoloxía	0,2	0	0,2	0,2	0	0,2	0	0	0,1
	Bioquímica	0,2	0	0,2	0,2	0,1	0,2	0	0	0
	Ciencias Ambientais	0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,1
	Ciencias do Mar	0,2	0	0,2	0,2	0	0,2	0,2	0,2	0
	Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,1
	Física	0,2	0	0,2	0,2	0	0,2	0,1	0	0
	Matemáticas	0,2*	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0	0,2
	Nanociencia e Nanotecnoloxía	0,2	0	0,2	0,2	0,1	0,2	0,1	0	0
	Química	0,2	0	0,2	0,2	0,1	0,2	0,1	0	0

* A partir do 2026 pasará a ponderar 0

RAMA	GRAO	Bioloxía	Física	Matemáticas II	Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II	Química	Ciencias xerais	Empresas e deseño de modelos de negocio	Coro e técnica vocal II
CIENCIAS DA SAÚDE	Enfermería	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0	0	0
	Farmacía	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0	0	0
	Fisioterapia	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0	0	0
	Logopedia	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0	0,2
	Medicina	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0	0	0
	Nutrición Humana e Dietética	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0	0	0
	Odontoloxía	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0	0	0
	Óptica e Optometría	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0	0
	Podoloxía	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0	0
	Psicoloxía	0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0
	Terapia Ocupacional	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0	0	0
	Veterinaria	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0	0	0

Calendario ABAU 2024

[Enlace convocatoria ordinaria](#)

[Enlace convocatoria extraordinaria](#)

CONVOCATORIA DA ABAU 2024

(Cada ano a [CIUG](#) publica a convocatoria con todas as instrucións sobre a ABAU)

Convocatoria da ABAU

Mónica Diz Orienta

Calendario: [convocatoria ordinaria](#) e extraordinaria

[Convocatoria ordinaria](#)

[Instrucións NERTA](#)

Impreso matrícula ABAU Bach e impreso matrícula ABAU FP

[Sedes e comisión delegadas](#)

[Horario](#)

[Protocolo actuación](#)

Convocatoria extraordinaria (publicarase na [web da CIUG](#)).

RESUMO DATAS CLAVE (2024)

Avaliación final ordinaria de 2º de bacharelato e entrega de boletíns

A partir do 15 de maio

Reclamacións notas de bacharelato, convocatoria ordinaria

20 e 21 maio

Celebración ABAU ordinaria

4, 5, 6 de xuño

Mónica Diz Orienta

Avaliación final extraordinaria 2º de bacharelato e entrega de boletíns

A partir do 13 de xuño

Reclamacións notas de bacharelato, convocatoria extraordinaria

17 e 18 xuño

Celebración da ABAU extraordinaria

2, 3 e 4 de xullo

RESUMO CALENDARIO ABAU (publicado pola CIUG)

	Convocatoria Ordinaria	Convocatoria Extraordinaria
Matrícula Anticipada	2 ao 20 de maio	10 ao 17 de xuño
Prematrícula nos centros de Bacharelato	16 ao 20 de maio	13 ao 17 de xuño
Publicación provisional e reclamación dos erros de matrícula nos centros de secundaria	21 de maio	18 de xuño
Envío de documentación dos centros de Secundaria ao LERD correspondente	21 a 23 de maio	18 a 20 de xuño
Publicación definitiva do alumnado matriculado en Nerta	23 de maio	20 de xuño
Exames ABAU	4, 5 e 6 de xuño	2, 3 e 4 de xullo
Peche de incidencias de matrícula	4 de xuño ás 9h.	2 de xullo ás 9h.
Publicación cualificacións	13 de xuño	11 de xullo
Solicitud de Revisión de cualificacións	14 a 18 de xuño (ata ás 14h.)	12 a 16 de xullo (ata ás 14h.)
Publicación cualificacións definitivas	20 de xuño	17 de xullo
Solicitud para ver os exames con revisión	21 e 25 de xuño (ata as 14:00h.)	18 e 19 de xullo (ata as 14:00h.)
Data para ver os exames solicitados	27 de xuño ás 10h.	23 de xullo ás 10h.

IMPORTANTE!

En caso de hospitalización do estudante durante as probas ou defunción de familiares en primeiro grao, no prazo de **sete días anteriores ao primeiro exercicio** o/a estudante pode solicitar presentarse á convocatoria extraordinaria con efectos de convocatoria ordinaria para o acceso aos estudos do SUG.

Ó rematar todo o proceso recibirás no teu correo o seguinte documento necesario para a inscrición na universidade.



TARXETAS DE CUALIFICACIÓN

CIUG COMISIÓN
INTERUNIVERSITARIA
DE GALICIA

Provisionais / Definitivas

IMPORTANTES PARA A INSCRICIÓN NAS UNIVERSIDADES

As tarxetas de Cualificación serán Provisionais ata que finalice o proceso de revisión.

O estudantado recibirá **as tarxetas de Cualificación Definitivas** cando finalice o proceso de revisión.

A matrícula na ABAU

[Enlace convocatoria ordinaria](#)

[Enlace convocatoria extraordinaria](#)

XESTIÓNS E DOCUMENTACIÓN PARA A ABAU BACHARELATO

1º SOLICITAR O TÍTULO DE BACHARELATO

(Realízase na secretaría do centro)

- Cumplimentar a [instancia](#).
- Pago de taxas: Ou na Oficina Virtual Tributaria ou nunha das entidades colaboradoras mediante impreso de autoliquidación. [Ver instrucións](#).
 - Tarifa normal: 54 eu.
 - Tarifa familia numerosa 1ª ou 2ª categoría: 27'03 (xeral) ou gratuíta (especial).
- Aportar Fotocopia do DNI.
- Aportar Fotocopia compulsada carné fª numerosa ou xustificante de exención de taxas.

2º FACER A MATRÍCULA NA ABAU (A matrícula iníciase na secretaría do centro e complétase en NERTA)

- Cumplimentar o impreso para a matrícula e asinalo (impresso específico para os de bacharelato).
- Pagar as taxas en [NERTA](#) ou descargar o [impresso de abono das taxas](#) e pagar en ENTIDADE BANCARIA:
 - Tarifa normal: 63'67 eu.
 - Tarifa familia numerosa: 31'84 (xeral) ou gratuíta (especial).
 - Ver na [convocatoria](#) outras condicións de tarifas: Discapacidade, persoal do SUG, violencia de xénero, vítima terrorismo.
- Aportar Fotocopia DNI.
- Aportar Fotocopia compulsada carné fª numerosa ou documentación acreditativa de exención de taxas.
- [Ver instrucións na web da CIUG](#)

XESTIÓNS E DOCUMENTACIÓN PARA A ABAU FP

1º GRAVACIÓN DO EXPEDIENTE DO ALUMNO/A EN NERTA (Realízao a secretaría do centro)

O Centro de FP ten que traspasar o expediente de XADE a NERTA. O expediente figurará como traspasado pendente de Formación en Centros de Traballo (FCT).

No expediente do alumno/a debe constar a superación de todos os módulos que compoñen o ciclo formativo, agás:

- Módulo de Formación en Centros de Traballo.
- Módulo do proxecto.

Mónica Diz Orienta

2º FACER A MATRÍCULA NA ABAU (A matrícula realízase en Nerta e, de non ser posible, envíase por correo a documentación ó LERD correspondente)

- Cumplimentar Impreso para a matrícula da ABAU e asinalo (Impreso específico para os de FP).
- Pagar as taxas da ABAU en [NERTA](#) ou descargar o [impreso de abono das taxas](#) e pagar en ENTIDADE BANCARIA:
 - Tarifa normal: 63'67 eu.
 - Tarifa familia numerosa: 31'84 (xeral) ou gratuíta (especial).
 - Ver na [convocatoria](#) outras condicións de tarifa.
- Aportar Fotocopia DNI.
- Aportar Fotocopia compulsada carné fª numerosa ou documentación acreditativa de exención de taxas.
- En canto se dispoña do apto na FCT hai que solicitar o título en secretaría, pagar as taxas correspondentes, solicitar certificado de titulación do ciclo e envíalo por correo electrónico ó LERD.
- [VER INSTRUCCIÓN NA WEB DA CIUG](#)

O impreso de pago da matrícula na ABAU [Descargar](#)

Mónica Diz Orienta



AVALIACIÓN DE BACHARELATO PARA O ACCESO Á UNIVERSIDADE (ABAU)

DATOS DO ALUMNO/A

DNI:
1º APELIDO:
2º APELIDO:
NOME:

Para ingresar en calquera das seguintes contas:

Riscar cun "X" o cadro que corresponda

- BANCO SANTANDER CENTRAL HISPANO - BSCH - ES67 - 0049 - 2584 - 97 - 1610928810
 ABANCA - APLICACIÓN DE TAXAS - PROBA DE ACCESO

No concepto do ingreso indicárase: NIF. Apelidos, Nome.

A cantidade total indicada no recadro inferior conforme á liquidación que, a seguir, practica:

MATRÍCULA

Riscar cun "X" o cadro que corresponda

- | | | | |
|--------------------------|----------|--|---|
| <input type="checkbox"/> | 1 | ORDINARIA (prezo público completo) | <input type="text" value="6"/> <input type="text" value="3"/> , <input type="text" value="6"/> <input type="text" value="7"/> € |
| <input type="checkbox"/> | 2 | Fª Nª 1ª - 2ª CATEGORÍA XERAL (50% de exención) | <input type="text" value="3"/> <input type="text" value="1"/> , <input type="text" value="8"/> <input type="text" value="4"/> € |
| <input type="checkbox"/> | 3 | GRATUÍTA (Exención total): Fª Nª Honra-Especial, persoal universidades do SUG, persoas con discapacidade (≥ 33%), vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero. | <input type="text" value="0"/> <input type="text" value="0"/> € |

ESPAZO RESERVADO PARA QUE O CUBRA A ENTIDADE BANCARIA POR MEDIOS MECANIZADOS OU MECANOGRÁFICOS

Selo da
Entidade
Bancaria

En a de de 202__

QUE CUMPLIMENTAMOS NO IMPRESO DA ABAU

NA PARTE OBRIGATORIA

- Marcar a Primeira Lingua Estranxeira **cursada** en bacharelato (Inglés, Francés, Alemán, Portugués e Italiano).
- Marcar se procede Exención LINGUA GALEGA (opcional solo para aqueles exentos en 2º de bacharelato).
- Marcar a **materia obrigatoria de modalidade** (Matemáticas II, Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II, Latín II, Ciencias Xerais, Debuxo artístico II, Análise Musical II, Artes Escénicas II

NA PARTE VOLUNTARIA

- Escoller unha, dúas, tres ou catro **MATERIAS DE OPCIÓN DE MODALIDADE** , ou 2ª L.E., ou **OBRIGATORIA DE MODALIDADE** diferente da escollida na Parte Obrigatoria.

Mónica Diz Orienta

ATENCIÓN ao escribir o CORREO ELECTRÓNICO e o TELF. MÓBIL.

O impreso de matrícula na ABAU BACHARELATO (pendente de actualizar)

IMPRESO DE MATRÍCULA				
DATOS PERSOAIS				
1º apelido:	2º apelido:	Nome:		
DNI/Paseaporte:	Sexo:	Nacionalidade:		
Datos de contacto				
Teléfono:	Teléfono móbil:	Correo electrónico:		
Enderezo familiar				
Rúa/Lugar:				
CP:	Localidade:	Concello:		
Provincia:	País:			
Datos de nacemento				
Data:	País:			
Provincia:	Concello:			
O/a alumno/a presta o seu consentimento á Comisión Interuniversitaria de Galicia sobre a cesión de datos para a xestión académica e con fins estatísticos e informáticos, así como o seu uso interno polas administracións educativas (artigos 4 y 10 de la Ley Orgánica 3/2018, de protección de datos), podendo exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos nos artigos do 12 ao 18 da LO 3/2018. Asdo.:				
O Correo electrónico é necesario para recibir a TARXETA de CUALIFICACIÓN e Información da ABAU.				
ABAU - PARTE OBRIGATORIA				
MODALIDADE DE BACHARELATO CURSADA (Riscar a Opción cursada)				
<input type="checkbox"/> ARTES	<input type="checkbox"/> CIENCIAS	<input type="checkbox"/> CIENCIAS SOCIAIS	<input type="checkbox"/> HUMANIDADES	
EXENCION DE LINGUA GALEGA E LITERATURA II (Riscar se procede)				
<input type="checkbox"/> Solicito a exención na proba ABAU do exercicio de Lingua Galega e Literatura II (02) por estar exento de Lingua Galega e Literatura II de Segundo Curso de Bacharelato.				
ABAU - PARTE VOLUNTARIA (Riscar un máximo de 4 materias cursadas ou non cursadas)				
MATERIAS DE OPCIÓN + TRONCAIS DE MODALIDADE				
<input type="checkbox"/> 51 – Artes Escénicas	<input type="checkbox"/> 32 – Grego II	TRONCAIS DE MODALIDADE		
<input type="checkbox"/> 21 – Bioloxía	<input type="checkbox"/> 33 – Historia da Arte	Non riscar a troncal da Modalidade de Bacharelato cursada correspondente á Parte Obrigatoria da ABAU		
<input type="checkbox"/> 52 – Cultura Audiovisual II	<input type="checkbox"/> 34 – Historia da Filosofía	<input type="checkbox"/> 20 – Matemáticas II	<input type="checkbox"/> 30 – Latín II	
<input type="checkbox"/> 22 – Debuxo Técnico II	<input type="checkbox"/> 24 – Química	<input type="checkbox"/> 40 – Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais	<input type="checkbox"/> 50 – Fundamentos da Arte II	
<input type="checkbox"/> 53 – Deseño	<input type="checkbox"/> 35 – Xeografía			
<input type="checkbox"/> 31 – Economía da Empresa	<input type="checkbox"/> 25 – Xeoloxía			
<input type="checkbox"/> 23 – Física	<input type="checkbox"/> 60 – 2ª Lingua Estranxeira II *			
* 2ª LINGUA ESTRANXEIRA II (Riscar a opción lingüística da que se vai examinar, diferente da que se examina na Primeira Lingua Estranxeira II)				
<input type="checkbox"/> 61 - ALEMÁN	<input type="checkbox"/> 62 - FRANCES	<input type="checkbox"/> 63 - INGLES	<input type="checkbox"/> 64 - ITALIANO	<input type="checkbox"/> 65 - PORTUGUÉS
Solicito matricularme na convocatoria <input type="checkbox"/> ordinaria / <input type="checkbox"/> extraordinaria (riscar a opción) do ano 202__ da proba ABAU.				
En _____, a _____ de _____ de 202__				Sinatura do alumno/a
				<div style="border: 1px solid black; height: 40px; width: 100%;"></div>

MOI IMPORTANTE:
Solamente marcar en caso de presentarnos na parte voluntaria a unha materia troncal de modalidade diferente da troncal da nosa modalidade, da que xa nos examinamos por defecto na fase obrigatoria.

INSTRUCCIÓN PARA TODO O ALUMNADO

O alumnado deberá entregar este impreso no prazo de pre-matrícula para as probas de Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU) no seu centro de Bacharelato. Recibirá no seu correo electrónico un “Código de Acceso” necesario para poder realizar na aplicación informática NERTA as solicitudes de revisión e a solicitude de preinscrición en titulacións con límite de prazos do SUG.

EXENCIÓN DE “LINGUA GALEGA E LITERATURA II (02)” NA ABAU

“Estará exento da realización desta proba o alumnado con exención da materia de Lingua Galega e Literatura II en 2º de Bacharelato.”

MATERIAS DE 2º DE BACHARELATO LOMCE OBXECTO DE EXAME NA PROBA DE AVALIACIÓN DE BACHARELATO PARA O ACCESO Á UNIVERSIDADE

MATERIAS DA PARTE OBRIGATORIA (cursadas)

ARTES	CIENCIAS	CIENCIAS SOCIAIS	HUMANIDADES
Historia de España	Historia de España	Historia de España	Historia de España
Lingua Castelá e Literatura II	Lingua Castelá e Literatura II	Lingua Castelá e Literatura II	Lingua Castelá e Literatura II
Lingua Galega e Literatura II	Lingua Galega e Literatura II	Lingua Galega e Literatura II	Lingua Galega e Literatura II
1ª Lingua Estranxeira II (1)	1ª Lingua Estranxeira II (1)	1ª Lingua Estranxeira II (1)	1ª Lingua Estranxeira II (1)
Fundamentos da Arte II	Matemáticas II	Matemát. Aplicadas ás CC.SS	Latín II

(1) Alemán / Francés / Inglés / Italiano / Portugués (a Opción cursada polo alumnado como Primeira Lingua Estranxeira II)

MATERIAS DA PARTE VOLUNTARIA (a elixir un máximo de 4 materias)

ARTES	CIENCIAS	CIENCIAS SOCIAIS	HUMANIDADES
Artes Escénicas	Artes Escénicas	Artes Escénicas	Artes Escénicas
Bioloxía	Bioloxía	Bioloxía	Bioloxía
Cultura Audiovisual II	Cultura Audiovisual II	Cultura Audiovisual II	Cultura Audiovisual II
Debuxo Técnico II	Debuxo Técnico II	Debuxo Técnico II	Debuxo Técnico II
Deseño	Deseño	Deseño	Deseño
Economía da Empresa	Economía da Empresa	Economía da Empresa	Economía da Empresa
Física	Física	Física	Física
Grego II	Grego II	Grego II	Grego II
Historia da Arte	Historia da Arte	Historia da Arte	Historia da Arte
Historia da Filosofía	Historia da Filosofía	Historia da Filosofía	Historia da Filosofía
Latín II	Fundamentos da Arte II	Fundamentos da Arte II	Fundamentos da Arte II
Matemáticas Aplicadas CCSC	Matemáticas Aplicadas CCSS	Matemáticas II	Matemáticas Aplicadas CCSS
Matemáticas II	Latín II	Latín II	Matemáticas II
Química	Química	Química	Química
Xeografía	Xeografía	Xeografía	Xeografía
Xeoloxía	Xeoloxía	Xeoloxía	Xeoloxía
2ª Lingua Estranxeira II (2)	2ª Lingua Estranxeira II (2)	2ª Lingua Estranxeira II (2)	2ª Lingua Estranxeira II (2)


(2) Opcións lingüísticas: Alemán / Francés / Inglés / Italiano / Portugués (A Opción Lingüística distinta da cursada e da que se examina na materia Primeira Lingua Estranxeira II da Parte Obrigatoria da ABAU)

O impreso de matrícula na ABAU FP (pendente de actualizar)

CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR IMPRESO DE MATRÍCULA ABAU		
DATOS PERSOAIS		
1º apelido:	2º apelido:	Nome:
DNI/Paseaporte:	Sexo:	Nacionalidade:
Datos de contacto		
Telefone:	Telefone móbil:	Correo electrónico:
Enderezo familiar		
Rúa/Lugar:		
CP:	Localidade:	Concello:
Provincia:	País:	
Datos de nacemento		
Data:	País:	
Provincia:	Concello:	
O/a alumno/a presta o seu consentimento á Comisión Interuniversitaria de Galicia sobre a cesión de datos para a xestión académica e con fins estatísticos e informáticos, así como o seu uso interno polas administracións educativas (artigos 4 y 10 de la Ley Orgánica 3/2018, de protección de datos), podendo exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos nos artigos do 12 ao 18 da LO 3/2018. Asdo.:		
O Correo electrónico é necesario para recibir a TARXETA de CUALIFICACIÓN e información da ABAU.		
Ciclo formativo de grao Superior		
Familia Profesional: --		
Título de técnico superior: --		
ABAU - PARTE VOLUNTARIA (Riscar un máximo de 4 materias cursadas ou non cursadas)		
MATERIAS DE OPCIÓN + TRONCAIS DE MODALIDADE		
<input type="checkbox"/> 51 – Artes Escénicas	<input type="checkbox"/> 32 – Grego II	<input type="checkbox"/> 20 – Matemáticas II
<input type="checkbox"/> 21 – Bioloxía	<input type="checkbox"/> 33 – Historia da Arte	<input type="checkbox"/> 30 – Latín II
<input type="checkbox"/> 52 – Cultura Audiovisual II	<input type="checkbox"/> 34 – Historia da Filosofía	<input type="checkbox"/> 40 – Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais
<input type="checkbox"/> 22 – Debuxo Técnico II	<input type="checkbox"/> 24 – Química	<input type="checkbox"/> 50 – Fundamentos da Arte II
<input type="checkbox"/> 53 – Deseño	<input type="checkbox"/> 35 – Xeografía	
<input type="checkbox"/> 31 – Economía da Empresa	<input type="checkbox"/> 25 – Xeoloxía	
<input type="checkbox"/> 23 – Física	<input type="checkbox"/> 60 – 2ª Lingua Estranxeira II *	
* 2ª LINGUA ESTRANXEIRA II (Riscar a opción lingüística da que se vai examinar)		
<input type="checkbox"/> 61 - ALEMÁN	<input type="checkbox"/> 62 - FRANCÉS	<input type="checkbox"/> 63 - INGLÉS
<input type="checkbox"/> 64 - ITALIANO	<input type="checkbox"/> 65 - PORTUGUÉS	
Solicito matricularme na convocatoria <input type="checkbox"/> ordinaria / <input type="checkbox"/> extraordinaria (riscar a opción) do ano 202__ da proba ABAU.		
En _____, a _____ de _____ de 202__		Sinatura do alumno/a

Aplicación NERTA

- ⦿ Todo o proceso de inscrición na ABAU e na UNIVERSIDADE realízase a través da aplicación telemática [Nerta](#).
- ⦿ Hai que darse de alta solitando unha conta e aportando datos personais.
- ⦿ Posteriormente recíbese unha **clave** para poder entrar na aplicación.



Como se obtén o acceso a Nerta


Tras matricularse na ABAU no centro, chégalle ao solicitante unha mensaxe por correo electrónico con instrucións para activar a conta.



Facilítase un pin e un enlace ao que hai que acceder.



Ao pinchar no enlace veremos:



1º Paso: activar a conta de usuario

nerta Inicio

nerta xestión do acceso ao sistema universitario de Galicia

Maiores 25 e Maiores 45

- Publicado o resultado das reclamacións da PAU de maiores de 25 anos.

CiUG USC SUG

Se xa teño conta en Nerta

nerta Solicitar conta

Para os alumnos que participen nas probas de acceso á universidade PAU e fagan a matrícula a través do centro de estudos, a solicitude de conta de usuario creárase automaticamente no momento de faer a matrícula no centro. Unha vez feita a solicitude de conta, enviaráselle un correo electrónico coas instrucións necesarias para completar a alta da conta e activala.

Os alumnos que poden solicitar conta de usuario para acceder a nerta son os alumnos que participaron en procedementos xestionados pola aplicación nerta (probas de acceso á universidade ou preinscrición ó Sistema Universitario de Galicia). Os alumnos que se matriculen por primeira vez nalgunha das probas de acceso á universidade deste ano, no momento da matrícula crearáselle automaticamente unha solicitude de conta de usuario.

Os alumnos que soliciten unha conta de usuario de acceso a NERTA, deberán de ter unha conta de correo electrónico válida nos seus datos persoais, de non ser así, o alumno deberá poñerse en contacto co LERD correspondente para que se completen os datos adecuadamente.

Para calquera aclaración ou dúbida referente ao proceso de solicitude de conta, pode poñerse en contacto coa Unidade de Atención a Centros chamando ao número 881 997701, ou por correo electrónico no enderezo usc@edu.xunta.es, se a dúbida é referente a NERTA pódese poñer en contacto co LERD correspondente ou coa CiUG (Comisión Interuniversitaria de Galicia).

Solicitude de conta

DNI/NIE*

Tipo DNI/NIE ? DNI/NIE

DNI

Solicitar

Se non teño conta en Nerta

Mónica Diz Orienta

2º Paso: Entrar en Nerta co nome de usuario e contrasinal

NERTA

Identifíquese

Usuario de educación

Conta de usuario (sen @edu.xunta.gal)

Contrasinal

Entrar

Ou entre con certificado dixital

Entrar

 Contacto  Axuda



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Servizo prestado pola Consellería de Educación, Universidade e
Formación Profesional
Xunta de Galicia



**A situación de exame da
ABAU**

LUGARES DA ABAU 2024

([Ver comisións delegadas](#))

CD 02	Código CiUG	Código Xunta	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais. Campus Vida. Santiago	Localidade
02	1123	15015861	IES Eduardo Pondal	Santiago
02	1148	15026753	IES A Pontepedriña	Santiago
02	1150	15026391	IES Xulián Magariños	Negreira
02	1193	15023466	IES Lamas de Abade	Santiago
02	1197	15021482	IES San Clemente	Santiago
02	4411	36004137	IES Ramón M ^a Aller Ulloa	Lalín
02	5522	15000132	CPR Plurilingüe Alca	Ames
02	5523	15014520	CPR Plurilingüe Galaxia	Ribeira
02	9454	36013771	CIFP Fontecarmoa	Vilagarcía de Arousa



Busca o teu centro no documento e na cabeceira poderás ler o lugar da ABAU

ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO

Consulta na convocatoria as sedes onde se celebrará a ABAU.

O centro recibirá unha comunicación coa asignación da sede específica.

HORARIOS DA ABAU 2024

[Descargar horarios na web da CIUG](#)

Convocatoria
ordinaria

Mónica Diz Orienta

CIUG

COMISION
INTERUNIVERSITARIA
DE GALICIA

ABAU 2024 - HORARIO DA CONVOCATORIA ORDINARIA

DÍA	QUEXIDA	HORARIO		HORARIO ALUMN. WEAE
Martes 4 de xuño	Mañá	9:00 h.-10:00 h	PRESENTACIÓN	9:00 h-9:30 h
		10:00 h-11:30 h	02 Lingua Galega e Literatura	9:30 h-11:30 h
		11:30 h-12:00 h	DESCANSO	11:30 h-12:00 h
		12:00 h-13:30 h	Primeira Lingua estranxeira 11 Inglés 12 Francés 13 Alemán 14 Portugués 15 Italiano	12:00 h-14:00 h
		13:30 h.	FIN DE SESIÓN	14:00 h
	Tarde	16:00 h-17:30 h	23 Física 32 Grego 54 Debuxo Técnico Aplicado ás AA.PP. e ao Deseño II 60 Artes Escénicas 90 Ciencias Xerais	15:30 h-17:30 h
		17:30 h-18:00 h	DESCANSO	17:30 h-18:00 h
		18:00 h-19:30 h	20 Matemáticas II 35 Xeografía 50 Fundamentos da Arte II 55 Fundamentos Artísticos 83 Literatura Dramática	18:00 h-20:00 h
		19:30 h.	FIN DE SESIÓN	20:00 h
		9:30 h-11:00 h	01 Lingua Castelá	9:00 h-11:00 h
Mércores 5 de xuño	Mañá	11:00 h-11:30 h	DESCANSO	11:00 h-11:30 h
		11:30 h-13:00 h	03 Historia de España 08 Historia da Filosofía	11:30 h-13:30 h
		13:00 h.	FIN DE SESIÓN	13:30 h
	Tarde	16:00 h-17:30 h	25 Xeoloxía e Ciencias Ambientais 30 Latín II 40 Matemáticas Aplicadas ás CC. Sociais II 91 Movementos Culturais e Artísticos	15:30 h-17:30 h
		17:30 h-18:00 h	DESCANSO	17:30 h-18:00 h
		18:00 h-19:30 h	24 Química 33 Historia da Arte 56 Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica 80 Análise Musical II	18:00 h-20:00 h
		19:30 h.	FIN DE SESIÓN	20:00 h
Xoves 6 de xuño	Mañá	9:30 h-11:00 h	21 Biotoxia 26 Tecnoloxía e Enxeñaría II 53 Deseño 82 Historia da Música e da Danza Segunda Lingua Estranxeira 61 Alemán 62 Francés 63 Inglés 64 Italiano 65 Portugués	9:00 h-11:00 h
		11:00 h-11:30 h	DESCANSO	11:00 h-11:30 h
		11:30 h-13:00 h	22 Debuxo Técnico II 31 Empresa e Deseño de Modelos de Negocio 70 Debuxo Artístico II 81 Coro e Técnica Vocal II	11:30 h-13:30 h
		13:00 h.	FIN DE SESIÓN	13:30 h
	Tarde	INCIDENCIAS NON PREVISTAS		

DOCUMENTACIÓN PARA O DÍA DO EXAME

DNI ou documento identificativo oficial: pasaporte, permiso residencia,

Resgardo de matrícula e xustificante de pagamento.

Pluma ou bolígrafo azul ou negro, imborrable.

Mónica Diz Orienta

Material para Debuxo Técnico, Artístico e Técnicas gráfico-plásticas

Diccionarios Latín e Grego: cos apéndices gramaticais, pero non contidos literarios sobre a evolución do latín ó español ou galego (estas páxinas deben gramparse).

Calculadora non programable e sen capacidade gráfica, para Matemáticas II, Matemáticas Aplicadas ás CCSS II, Ciencias Xerais, Física, Química, Empresa e deseño de modelos de negocio, Tecnoloxía e enxeñaría. Nada escrito na calculadora ou nas súas fundas.

Non permitido: móbil, reloxis intelixentes, ou calquera outro dispositivo que emita ou reciba radiofrecuencias.

En caso de incumprir normas o exame será calificado con “0” puntos.

Opcionalmente pódese levar: xel desinfectante, panos de usar e tirar, botella de auga transparente e sin etiqueta.

Pódese levar mochila, bolsa de deporte ou carteira e deberá permanecer en todo momento co alumno/a.

Haberá bolígrafos de reposto.

PROTOCOLO ABAU ([Enlace ó protocolo](#))

Todo o alumnado deberá acudir á **presentación o primeiro día ás 9´00h**. E logo presentarse a cada un dos exames á hora de comezo. Os que se presenten só á parte voluntaria poden ir directamente ós exames sen ter que ir á presentación.

Na presentación explicaranse as normas básicas de actuación.

Mónica Diz Orienta

O acceso debe ser polas **escaleiras**, o ascensor queda reservado para as persoas que o necesiten.

O alumnado será **chamado de viva voz individualmente** para ser identificado e colocado no seu posto de exame.

No momento da presentación o tribunal asignará un **posto de exame** para cada alumno que deberá ocupar en todas as probas.

No momento da presentación (de 9´00 a 9´30) o alumnado poderá facer **cambios na matrícula da ABAU** (en caso de detectar erros) mediante o formulario oficial que deberá comunicar ó presidente da comisión.

Ao comezo das probas o alumnado recibirá un **xogo de adhesivos de código de barras** que os identifica. Son persoais e intransferibles. Non deberán modificarse nin dobrarse, e quedarán baixo resguardo do alumno. Recoméndase non deixar os adhesivos ao alcance doutras persoas.

O acceso ó exame implica **sempre a entrega do caderno** de exame, aínda que se deixase en branco. O exame entregarase a un vocal. A entrega de exames farase evitando aglomeracións e mantendo a distancia de seguridade.

Non se pode abandonar a aula do exame ata **transcorrer 30´** desde o comezo.

Entradas e saídas ordenadas, **en fila**, mantendo a distancia.

Haberá que manter os **pavillóns auditivos despexados** (pelo longo recollido).

Evitar **aglomeracións** na entrega dos exames, con prudente distancia interpersoal.

Na aula haberá **reloxios visibles** para o control do tempo dos exames.

Os **exames son anónimos**, non se poden asinar nin marcar, isto pode ser causa de anulación.

Os enunciados dos exames **non se poden levar nin fotografar**. Serán publicados na web da CIUG ó remate de cada xornada.

En caso de detectar que un alumno **non cumpre instrucións ou copia** instaráselle a saír da aula e puntuarase cun 0 ese exame ou anulación total da proba.

O **alumnado que por hospitalización ou morte dun familiar de 1º grao, (debidamente acreditado)** que non poida presentarse á convocatoria de xuño poderá presentarse na de xullo, e será considerado, para efectos de acceso á universidade como estudante da convocatoria ordinaria.

1º DÍA: PRESENTACIÓN ÁS 9´00h



Exame ABAU: 1º día 9:00h

CIUG COMISION
INTERUNIVERSITARIA
DE GALICIA

1. Pasar lista
2. Entrega de “Pegatinas”



As pegatinas co código de barras



DNI
Apellido 1
Apellido 2
Nome
Convocatoria



Código:
Centro-Alumno

Materias:
01, 02, 03, 11,
20, 21, 24

Revisar:

- DNI,
- Nome e Apellidos
- Materias matriculadas

O CADERNO DE EXAME

En cada exame recibirase un **caderno** formado por dúas follas A-3 (8 páxinas de tamaño A-4) e unha **cabeceira adhesiva** que hai que pegar na portada do caderno.

Cada exame constará dun número de preguntas, todas susceptibles de ser elixidas, das que deberá **responder o número máximo que se indica**. En caso de responder a máis solo se corruxirán as primeiras ata o número máximo permitido. [VER MODELOS DE EXAME.](#)

Pódese redactar para as respostas **todas as páxinas** (as 7 páxinas) agás a primeira (portada).

Non se pode arrincar nin engadir follas. Só se pode utilizar **un único caderno** por exame.

Os exames son anónimos e non poden asinarse nin levar marcas ou subliñados en cores que poidan permitir unha eventual identificación persoal.

Recoméndase **non pegar os adhesivos** ata rematar o exame por se se ten que cambiar o caderno.

Mónica Diz Orienta

Ao saír da aula deberase **entregar o caderno debidamente etiquetado** a un membro do tribunal, aínda que se deixase en branco. Nunca se deixará enriba das mesas.

MODELO DE CADERNO DE EXAME

1º Pegar a cabeceira pola parte adhesiva no lugar indicado




2º Marcar as preguntas a realizar



Mónica Diz Orienta

CiUG
COMISSÃO INTERUNIVERSITÁRIA DE GALIÇA

USC  

PROBA DE ACCESO (ABAU)

PÉGUESE AQUÍ A CABECEIRA

Informe/Observacións:

Notas parciais:

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
1ª Conxestión										
2ª Conxestión/Redacción										

Cualificación:

Nota	<input type="checkbox"/>
Deixación de erro	<input type="checkbox"/>
Restricción	<input type="checkbox"/>

~~OPCIÓN A~~ ~~OPCIÓN B~~ (Marcar a opción escollida)

A CABECEIRA ADHESIVA

Na cabeceira hai que poñer o código da materia de exame. Os códigos das materias serán entregados por escrito ao alumnado e estarán copiados na pizarra.

The diagram shows a form for the 'Proba de acceso á universidade' (University Access Exam). It includes logos for CiUG, USC, and SUG. The form is divided into several sections:

- Top Left:** A box labeled 'Cualificación' with a small table below it.
- Top Center:** Logos for CiUG, USC, and SUG.
- Top Right:** Logo for SUG.
- Center:** The text 'Proba de acceso á universidade'.
- Middle Left:** A large box labeled 'Espazo reservado para a administración' (Reserved space for administration) containing a large empty rectangle and a barcode with the instruction 'Colocar segundo o debuxo' (Place according to the drawing).
- Middle Right:** A box labeled 'Cualificación' containing a table for marking scores. The table has two columns and 11 rows (0-10). The right column has a 'Corrixir' (Correct) checkbox next to each row. To the right of this box is a vertical bar with 11 horizontal segments.
- Bottom Left:** A box labeled 'A cubrir polo/a alumno/a' (To be filled by the student) containing fields for 'Materia' (Subject), 'Código:' (Code), and 'Nome da materia:' (Subject name). It also includes a barcode with the instruction 'Colocar segundo o debuxo' and the text 'Etiqueta adhesiva co código de barras do/a alumno/a' (Adhesive label with the student's barcode).
- Bottom Right:** A box labeled 'Código do/a corrector/a' (Corrector's code) and 'Sinatura do/a corrector/a' (Corrector's signature).


Annotations with red arrows point to specific parts of the form:

- '3º Poñer o código da materia' (3rd Put the subject code) points to the 'Código:' field in the bottom-left box.
- '4º Poñer o nome da materia' (4th Put the subject name) points to the 'Nome da materia:' field in the bottom-left box.
- '5º Pegar o código de barras' (5th Paste the barcode) points to the barcode in the bottom-left box.

At the bottom left of the form, there is a small reference number: '1010000_44110001 de Galicia (I) 5004-110'. At the bottom right, there is a logo for 'Mónica Diz Orienta'.

A CABECEIRA ADHESIVA PÉGASE NA PORTADA DO CADERNO, cando remates de redactar o exame.

Así queda a cabeceira pegada na portada do caderno de exame.



CiUG
COMPLEXO INTERINSTITUCIONAL DE GALEGAS
USC

CIUG

rug

Prueba de acceso á universidade

Cualificación

Espazo reservado para a administración

Cualificación

A cubrir pola alumna/o

Materia

Código:

Nome da materia:

Código do/a corrector/a

Notas parciais: 1 2 3 4 5 6 7 8 9 10

1ª Opción:

2ª Opción:

Cualificación:

Nota:

Deposición de erro:

Redacción:

OPCIÓN A OPCIÓN B (Marcar a opción escollida)

PARA MANTERSE INFORMADO E RESOLVER DÚBIDAS:

Web ABAU: ciug.gal/gal

Dirección de correo electrónico: ciug@ciug.gal

Teléfono: 881 813 452

Acceso a Nerta



» **Probas de acceso á
Universidade**



» **Admisión e Matrícula
no S.U.G.**



» **Lexislación**

**Información
sobre a ABAU**

VÍDEOS PARA INFORMARSE

- Vídeo explicativo da ABAU

ENLACE




- Como activar a conta de Usuario

ENLACE



- Como facer a matrícula da ABAU en Nerta

ENLACE



Mónica Diz Orienta

CONSELLOS PARA PREPARAR E SUPERAR A ABAU

[Enlace Infografía](#)

Antes do exame

Elabora un **plan de estudo**.

Comeza polas materias que se che dean peor, cando estés máis canso estudarás mellor as que che gusten.

Utiliza un método: lectura rápida, lectura comprensiva, suliñado, esquema e mapas mentais, mnemotecnia. Repasa, practica e expón.

Durme 8 horas diarias.

Non consumas excitantes: café, fármacos, tabaco. Aliméntate saudablemente.

Realiza exercicio físico, pasear, nadar, ...

Visita o lugar de exame para evitar medos escénicos e asegurar a puntualidade.

O día anterior: preferiblemente non estudes, realiza algo relaxante, descansa.

O día do exame

Acude con antelación. Evita chegar tarde, ese día haberá moito tráfico que desexe acceder á zona de celebración dos exames á mesma hora.

Almorza ben.

Evita repasos de última hora, a información xa está almacenada.

Evita falar con compañeiros que estén moi nerviosos, transmitiranche intranquilidade.

Evita comentar dúbidas do temario, só servirán para poñerte máis nervioso.

Se notas ansiedade realiza técnicas de relaxación: tensión-distensión muscular e respiración.

Evita estudar entre exames, procura descansar e relaxarte.

Non te plantexes non presentarte a algún exame. Non presentarse só serve para asegurar un suspenso.

Mónica Diz Orienta

Durante o exame

Le todas as preguntas antes de escoller as que vas a contestar.

Comeza polas preguntas que mellor sepas, irás aumentando a seguridade e aseguras puntos.

Leva un reloxo e controla o tempo.

Cando redactes expón cada idea nun párrafo cos conceptos clave.

Se é posible deixa algo de tempo para repasar, revisa a ortografía.

Se te quedas en branco ou te pos nervioso, PARA, escribe ideas nun folio, practica a respiración para relaxarte.